

RESOLUCIÓN DE 16 DE NOVEMBRO DE 2016 DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA A CORUÑA, DE BAREMACIÓN DEFINITIVA NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA INTERNA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 9 DE MAIO DE 2016, NO ÁMBITO DO HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA.

Mediante a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 9 de maio de 2016 (DOG nº 100 do 27 de maio de 2016) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de enfermeiro/a e técnico/a en coidados auxiliares de enfermería do Hospital Virxe da Xunqueira.

Despois da publicación da resolución provisional de baremación, con data 17 de outubro de 2016, e unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada,

#### RESOLVE:

**Primeiro:** Publicar as **puntuacións definitivas de baremación**, no devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna, correspondentes ás seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería

**Segundo:** Darlle publicidade ás listaxes definitivas de baremación das categorías relacionadas, a través do taboleiro de anuncios do Hospital Virxe da Xunqueira /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación definitiva tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

**Terceiro:** Convocar aos/ás aspirantes das categorías relacionadas no apartado primeiro ao acto de elección de prazas.

As persoas aspirantes serán chamadas por rigorosa orde de puntuación, para escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercitar o seu dereito de opción, segundo o seguinte calendario:

Xerencia de Xestión Integrada

CATEGORÍA PROFESIONAL	DÍA	HORA
Enfermeiro/a	Mércores, 30 de novembro	10:00
Técnico/a en coidados auxiliares enfermería	Mércores, 30 de novembro	10:30

**Lugar:** Sala de Xuntas de Dirección do Hospital Virxe da Xunqueira.

Cando exista imposibilidade de acudir ao acto de elección, poderase subscribir un apoderamento, no que asinará a persoa que elixe praza e a persoa apoderada, achegando fotocopia do DNI. Dito apoderamento solicitarase no Espazo do profesional da Dirección de RR.HH.

No acto de elección é necesario a identificación mediante DNI. Os profesionais asinarán, no propio acto, o documento acreditativo da súa elección.

**Cuarto:** Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 16 de novembro de 2016

O Xerente de Xestión Integrada



Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga

Xerencia de Xestión Integrada

## DILIXENCIA

Para facer constar que con esta data publícase a Resolución de baremación definitiva no procedemento de mobilidade voluntaria interna no ámbito do Hospital de Virxe da Xunqueira. Esta resolución así como a listaxe de baremación definitiva, serán publicadas no taboleiro de anuncios do Hospital Virxe da Xunqueira e na páxina web do Espazo do profesional.

A Coruña, 17 de novembro de 2016

O Director de Recursos Humanos da EOXI A Coruña



Asdo.: Antonio Fernández Paniagua

Xerencia de Xestión Integrada